



ORDENANZA FISCAL 5 REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA, RETIRADA, INMOBILIZACIÓN, TRANSPORTE, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS E OUTROS OBSTÁCULOS DAS VÍAS PÚBLICAS

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Excmo. Concello de Pontevedra, establece a taxa pola prestación do servizo de recollida, retirada, inmovilización, transporte, depósito e custodia de vehículos e outros obstáculos das vías públicas, que se rexerá pola presente ordenanza, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

A obriga de contribuír pola taxa regulada na presente ordenanza fúndase na actividade municipal de prestación de calquera dos servizos enumerados no artigo 1, motivados directa ou indirectamente pola actuación ou conduta negligente dos condutores, titulares ou propietarios de vehículos prevista na Ordenanza municipal reguladora da circulación nas vías urbanas do municipio e nos Bandos da Alcaldía, así como na execución forzosa subsidiaria prevista na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 1. Feito imponible

1. Os servizos obxecto de imposición pola presente ordenanza e motivados pola actuación directa ou indirecta por parte dos particulares, de acordo co establecido no artigo 71 do Real decreto legislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto articulado da lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, son os seguintes:

- a) Recollida, retirada, inmovilización, transporte, depósito e custodia de vehículos indebidamente estacionados nas vías públicas urbanas que conforme ás disposicións vixentes sobre circulación de vehículos a motor, tráfico e seguridade vial e á ordenanza municipal de circulación, teñan que ser retirados das vías públicas en cumprimento de ordes recibidas da Policía Local.
- b) A recollida, retirada, inmovilización, transporte, depósito e custodia dos vehículos abandonados nas vías públicas a requirimento da Policía Local.
- c) A captura, retirada, transporte, inmovilización, depósito e custodia dos vehículos embargados pola recadación executiva do Concello, previo cumprimento dos requisitos e das formalidades establecidas legal e regulamentariamente.
- d) A retirada e traslado de contenedores e obstáculos que perturben gravemente a circulación ou impidan o acceso dun servizo público.

2. Non estará suxeita á taxa a prestación do servizo de traslados dos vehículos que sexa preciso retirar das vías públicas nos supostos seguintes::

- a) Cando se atope estacionado no itinerario ou espazo que teña que ser ocupado por unha comitiva, desfile, procesión, cabalgata, proba deportiva ou outra actividade de releve debidamente autorizada.
- b) Cando resulte necesario para a reparación e limpeza da vía pública.
- c) O depósito e custodia de vehículos a requirimento da autoridade xudicial ou administrativa cursado a través da Alcaldía ou do Concelleiro Delegado de Tráfico, en virtude do deber de colaboración interadministrativa.

Artigo 2. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, seguintes:

- a) Os titulares administrativos ou propietarios dos vehículos en situación de abandono nos servizos prestados pola retirada, transporte, inmovilización, depósito e custodia.
- b) Os condutores dos vehículos e, subsidiariamente, os seus titulares polos servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia por estacionamento defectuosos ou abusivos da vía pública.
- c) Os promotores de edificacións e as empresas ou persoas físicas propietarias de contenedores, así como os titulares de obstáculos que perturben gravemente a circulación.

Artigo 3. Responsables

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 4. Beneficios fiscais

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

Artigo 5. Base imponible

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa os custos directos e indirectos necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable do servizos aos que se refire a presente ordenaza.

Artigo 6. Cota tributaria

1. A cota tributaria das taxas reguladas na presente ordenanza será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo, en atención ao servizo prestado.

No caso do servizo de depósito e custodia terase en conta a duración do mesmo, con observancia das normas seguintes:

- As 10 primeiras horas de depósito e custodia aboarán a tarifa/hora, por cada hora ou fracción desta.
- Superadas as 10 primeiras horas do servizo de depósito e custodia aboarase a tarifa/día, por cada día ou fracción deste.
- A aplicación da tarifa/día exclúe automaticamente a aplicación da tarifa/hora.

A)	POR RETIRADA E TRANSPORTE:	EUROS	
	Vehículos ata 3.500 Kg		115,00
	Vehículos entre 3.500 Kg e 10.000 Kg		158,00
	Vehículos de máis de 10.000 Kg		292,00
	Contenedor ou obstáculo retirado con grúa lixeira		158,00
	Contenedor ou obstáculo retirado con grúa de gran tonelaxe ..		349,00
	Bicicletas		15,00
	Ciclomotores		55,00
	Motocicletas ou motocarros		55,00
B)	POR DEPÓSITO E CUSTODIA (Por cada hora de custodia, as 10 primeiras horas, e por cada día de custodia, en calquera outro suposto):	EUROS/HORA 10 primeiras horas	EUROS/DÍA Outros supostos
	Vehículos ata 3.500 Kg	1,00	15,00
	Vehículos entre 3.500 Kg e 10.000 Kg	1,50	23,00
	Vehículos de máis de 10.000 Kg	2,00	30,00



Contenedor ou obstáculo retirado con grúa lixeira	2,00	30,00
Contenedor ou obstáculo retirado con grúa de gran tonelaxe	2,00	30,00
Bicicletas	0,50	7,50
Ciclomotores	0,50	7,50
Motocicletas o motocarros	0,50	7,50
C) POR DESPRAZAMENTO E ENGANCHE SEN RETIRADA DE VEHÍCULO:	EUROS	
Vehículos ata 3.500 Kg		57,50
Vehículos entre 3.500 Kg e 10.000 Kg		79,00
Vehículos de máis de 10.000 Kg.		146,00
Contenedor ou obstáculo retirado con grúa lixeira		79,00
Contenedor ou obstáculo retirado con grúa de gran tonelaxe		174,50
Bicicletas		7,50
Ciclomotores		27,50
Motocicletas ou motocarros		27,50

2. 2. A tarifa C) aplicarase cando, unha vez iniciado o servizo, o condutor, titular ou persoa encargada do vehículo, contenedor ou obstáculo se faga cargo do mesmo e proceda a retiralo pola súa conta, así como cando se trate da inmovilización de vehículos por procedementos mecánicos.

Artigo 7. Devengo

A taxa regulada na presente ordenanza devengase no momento en que se preste o servizo ou simplemente se iniciase.

Artigo 8. Normas de xestión

Establécese o réxime de autoliquidación para a xestión da taxa.

A empresa concesionaria da xestión do servizo deberá facer entrega do vehículo, contenedor ou obstáculo depositado ou inmovilizado ao condutor ou titular do mesmo previo abono por este da taxa establecida aos responsables da empresa, xestora da cobranza..

Artigo 9. Normas de procedemento

Establécense as seguintes normas:

- a) a) Aos efectos desta ordenanza enténdese por depósito o ofertado pola empresa ou calquera outro que se estableza pola Alcaldía ou veña determinado pola concesión do servizo, podendo cando ocorran circunstancias que o aconsellen, sinalarse como depósito calquera aparcadoiro público da cidade, coa percepción das mesmas tarifas que as fixadas para o depósito municipal.
- b) O devengo das taxas polos servizos prestados é independente da sanción que proceda impoñer con arranxo ao procedemento establecido.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

2. O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante o período comprendido entre o mes de agosto do ano no que se aprobara a última actualización e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación, ambos inclusive.

3. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión do día 23 de xuño de 2006, aprobouse polo propio Pleno na súa sesión do día 18 de marzo do 2013, e entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación.

BOP 16-05-2014 Núm.94